



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Estrada de Cedeira Km.1  
15570 Narón (A Coruña)  
Tfno. 881 93 03 50  
ies.telleiras@edu.xunta.gal  
[www.edu.xunta.gal/centros/iesastelleiras](http://www.edu.xunta.gal/centros/iesastelleiras)



*IES As Telleiras*

# **PROGRAMA DE HABILIDADES E COMPETENCIAS SOCIAIS**

**IES AS TELLEIRAS  
(NARÓN)**



## **INDICE**

- 1. INTRODUCCIÓN**
- 2. OBXECTIVOS**
- 3. CONTIDOS**
- 4. METODOLOXÍA**
- 5. RECURSOS**
- 6. AVALIACIÓN**

## 1- INTRODUCCIÓN

As habilidades e competencias sociais, representan un conxunto de procesos cognitivos, sociafectivos e emocionais que desenvolven as capacidades para levar a cabo comportamentos socialmente axeitados e o desenvolvemento dunha convivencia positiva.

Segundo o establecido no artigo 53 da Orde do 8/9/2021, que desenvolve o Decreto 229/2011, que regula a atención á diversidade, os centros educativos deben desenvolver programas de habilidades e competencias sociais para todo o alumnado co obxectivo principal de acadar melloras nas relacións e na convivencia. Ditas actuacións desenvolveranse en todas as materias, tendo a condición de elementos transversais do currículo.

De conformidade co artigo 24 do Decreto 8/2015, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, de convivencia escolar, o departamento de orientación elaborará e desenvolverá un programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais por parte do alumnado como complemento das medidas correctoras das conductas contrarias á convivencia.

Polo tanto, **o programa de habilidades e competencias sociais vai dirixido ao:**

- 1) **Alumnado que incorra reiteradamente en conductas disruptivas**, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente.
- 2) **Alumnado que como consecuencia da imposición das medidas correctoras, estea temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro**. Este programa específico aplicarase coordinadamente entre o departamento de orientación e o profesorado titor, que procurará implicar ao resto do profesorado e as familias, e de ser o caso, os servizos sociais correspondentes, para lograr conxuntamente o desenvolvemento adecuado do proceso educativo e das accións propostas.

Na elaboración do programa de habilidades e competencias sociais, téñense en conta as características do IES As Telleiras, centro de ensino que conta coas ensinanzas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e as características do alumnado ao que vai dirixido: alumnado que presenta problemas de comportamento e conductas disruptivas, falta de traballo, desmotivación, pouco interese pola aprendizaxe, faltas de asistencia e/ou abandono escolar,...

Na elaboración e posta en práctica do programa de habilidades sociais no IES As Telleiras establecemos un marco xeral de actuación, tendo en conta diferentes contidos e actividades, que serán adaptados ás condicións particulares de cada caso concreto e aos momentos de aplicación.

## **2- OBXECTIVOS**

### **2.1 OBXECTIVOS CO ALUMNADO**

- Dotar ao alumnado dun repertorio amplo de habilidades instrumentais e de control emocional, que poidan utilizar para mellorar as súas relacións sociais, e máis concretamente para resolver problemas nas súas relacións cos demais.
- Favorecer a comprensión do alumnado do alcance que as súas conductas teñen para si mesmos e para os demais e corrixir as conductas disruptivas reiteradas.
- Favorecer a valoración do diálogo e a cooperación como ferramentas básicas para resolver problemas de convivencia.
- Favorecer unha autoestima positiva no relativo ao ámbito educativo, persoal e relacional e mellorar o autoconcepto.
- Aprender a resolver situacións conflictivas identificando o problema e xerando alternativas.
- Aumentar a motivación cara o eido escolar e mellorar a integración no grupo e no centro.

### **2.2 OBXECTIVOS CO PROFESORADO**

O programa de habilidades e competencias sociais vai dirixido ao alumnado, pero tamén debemos ter en conta, como parte fundamental do desenvolvemento de ditas habilidades a función tutorial e do profesorado. Polo tanto, plantexamos como obxectivos co profesorado:

- Axudar ao profesorado na mellora do clima de convivencia na aula e no centro.
- Asesorar ao profesorado no desenvolvemento de actuacións para mellorar as relacións.
- Dotar ao profesorado de recursos para afrontar a tarefa de resolución de conflitos na aula.

### **2.3 OBXECTIVOS COAS FAMILIAS**

O programa de habilidades e competencias sociais vai dirixido ao alumnado, pero tamén debemos ter en conta, como parte fundamental do desenvolvemento de ditas habilidades o papel fundamental das familias. Polo tanto, plantexamos como obxectivos coas familias:

- Favorecer a comunicación entre o centro e as familias.
- Propiciar a participación das familias na pros posta de actividades.
- Cooperar coas familias no desenvolvemento emocional dos/das seus/súas fillos/as, asesorando sobre estratexias no ámbito familiar.

### 3- CONTIDOS

As habilidades sociais son un conxunto de destrezas requeridas para que a relación de índole interpersonal, se leven a cabo de xeito efectivo e mutuamente satisfactorio, son polo tanto, ferramentas que sirven na vida cotiá para relacionarnos cos demais.

#### **Os contidos básicos que se establecen no programa de habilidades sociais son:**

- **HABILIDADES DE CONTROL EMOCIONAL:** neste bloque de contidos traballaranse aspectos relativos á identificación dos estados emocionais, identificar e describir situacións-problema, identificar os propios sentimentos nas situacións-problema (que penso/ como me sinto/ como actúo), afrontar con calma e serenidade situacións conflictivas.
- **HABILIDADES COMUNICATIVAS:** neste bloque de contidos traballaranse aspectos relativos ao desenvolvemento de comunicación para expresar as opinións, desenvolver habilidades de escoita, respectar a quenda de palabra, considerar o punto de vista dos demais, iniciar e manter conversacións, entender e darse conta de aspectos da comunicación non verbal, crear un ambiente de participación, diálogo e respecto mútuo.
- **ASERTIVIDADE:** neste bloque de contidos traballaranse aspectos relativos á identificar os diferentes estilos nas relacións (agresivo, pasivo e asertivo) e valorar as consecuencias derivadas de cada un deles, aprender a responder de xeito adecuado cando se recibe un apercibemento ou sanción, respectar os dereitos propios e dos demais, desenvolver habilidades de confianza e seguridade.
- **EMPATÍA:** neste bloque de contidos traballaranse aspectos relativos á capacidade de poñerse no lugar do outro, ser capaz de recoñecer as necesidades dos demais, eliminar os prexuízos que temos sobre os demais, aprender a importancia da axuda mútua, da cooperación, do traballo en equipo e da solidariedade.
- **RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS:** neste bloque de contidos traballaranse aspectos relativos a xerar diferentes alternativas para solucionar un problema, anticipar posibles consecuencias de cada alternativa, elixir a mellor solución entre as posibles alternativas para solucionar un problema, desenvolver habilidades de negociación e tomar decisións coas que se acade o máximo beneficio para todos/as os/as implicados/as.

#### 4- METODOLOXÍA

Tendo en conta que o programa de habilidades sociais diríxese ao alumnado que recorra reiteradamente en conductas disruptivas, e ao que estea temporalmente privado de asistencia ao centro, cando se aplicalo e poña en práctica, sempre virá precedido pola información da xefatura de estudos ao departamento de orientación sobre a casuística concreta do alumnado.

Esta primeira coordinación entre xefatura de estudos e o departamento de orientación servirá para situar a problemática concreta de cada alumno/a e marcará a base para a propota das actividades emarcadas no programa de habilidades sociais, establecendo o momento de aplicación.

- **No caso do alumnado que incorra reiteradamente en conductas disruptivas**, e tras a posta en común da xefa de estudos coa orientadora na que se plantexe a conducta problemática, establecerase o plan de traballo que debe realizar o/a alumno/a.

Dito plan, soe conlevar a permanencia do/da alumno/a, durante a xornada ou sesións que se estipule desde xefatura de estudos, na zona de vicedirección (mentres non se habilite unha aula de convivencia), onde realizará as tarefas das materias que lle plantexe o profesorado.

Tamén terá lugar a intervención por parte da orientadora para traballar aspectos relativos ao programa de habilidades sociais. Para tal efecto, a orientadora preparará o material para traballar sobre dita cuestión nalgunha sesión ao longo da xornada. Cando se aplique dito programa, quedará rexistro das actuacións realizadas co alumno/a no propio departamento.

- **No caso do alumnado que sexa sancionado coa privación de asistencia ao centro**, e tras a posta en común da xefa de estudos coa orientadora na que se plantexe a conducta problemática que derivou na privación do dereito de asistencia ao centro, establecerase o plan de traballo. Dito plan soe implicar a realización de tarefas plantexadas nas diversas materias, durante a súa ausencia do centro educativo, e irá acompañado das actividades propostas pola orientadora para traballar aspectos relativos ao programa de habilidades sociais. Para tal efecto, a orientadora preparará o material para que o/a alumno/a traballe sobre dita cuestión durante a súa ausencia do centro. Posteriormente revisarase co/a alumno/a as tarefas realizadas para comprobar a interiorización das mesmas e do obxectivo proposto de mellorar a conducta , en beneficio da mellora da convivencia no centro.

Levarase a cabo unha metodoloxía de carácter individualizado, de tipo práctico, incidindo na modificación da conducta, que permita a interiorización e posta en práctica na vida cotiá.

## 5- RECURSOS

Na posta en práctica do programa de habilidades sociais, é dicir, na elaboración das proposta de actividades para o alumnado, teremos en conta o material bibliográfico, referido ao desenvolvemento das habilidades sociais no alumnado, e rexistrado no departamento de orientación, así como material de elaboración propia e recursos en rede.

Contamos con bibliografía referente a dita temática, así como cadernos de titoría.

Tamén hai un rexistro de actividades elaboradas polo propio departamento, que foron plantexadas inicialmente para a aula de convivencia, e que poden ser de utilidade para traballar o programa de habilidades sociais co alumnado (por exemplo a ficha de reflexión e compromiso, cuestionarios, guións de traballo e actividades sobre diversas cuestións que provocan as condutas disruptivas, sancións e apercibementos, actas de acordos e compromisos e mediación entre iguais,...). Así como material e actividades elaboradas para as sesións de titoría grupais sobre dita temática.

Utilizaremos tamén , nos casos que se considere necesario, o manual de autocontrol , elaborado por profesionais/educadoras do centro de día de atención ao menor Alborada (Vigo).

Teremos tamén en conta os recursos na rede e páxinas web de interese.

## 5- AVALIACIÓN

Os referentes da avaliación do programa de habilidades sociais do IES As Telleiras son:

- Grdo de consecución dos obxectivos propostos.
- Nivel de implicación, participación e satisfacción dos membros da comunidade educativa.
- Idoneidade dos contidos, das actividades, dos recursos e da temporalización.
- Implicación do alumnado nas tarefas formuladas (observación, entrevistas, realización das tarefas e rexistro das mesmas) e frecuencia das condutas-problema.
- Implicación do profesorado nas tarefas propostas.
- Establecemento de novas formas de actuación no contexto ordinario de aula.
- Implicación das familias nas tarefas formuladas.
- Establecemento de novas formas de actuación no contexto familiar e social.

O seguemento e avaliación do programa de habilidades e competencias sociais, realizarao o departamento de orientación, xunto co plan xeral de atención á diversidade.